

## **ORDENANZA MUNICIPAL DE RUÍDOS E VIBRACIÓNS**

O Concello Pleno en sesión de data 28 de setembro de dous mil aprobou definitivamente a seguinte

### **ORDENANZA MUNICIPAL DE RUÍDOS E VIBRACIÓNS**

#### **TÍTULO I**

##### **DISPOSICIÓNS XERAIS**

###### **Artigo 1**

A presente Ordenanza regula a actuación municipal contra as perturbacións por ruídos e vibracións, así como as obrigas dos habitantes do Concello e dos titulares de actividades radicadas no mesmo.

###### **Artigo 2**

2.1.- Quedan sometidas ás súas prescricións, de obrigatoria observancia dentro do Concello, tódalas instalacións, aparatos, construcións, obras, vehículos, medios de transporte e, en xeral, tódolos elementos, actividades e comportamentos que produzan ruídos ou vibracións que ocasionen molestias e/ou perigosidade á veciñanza.

2.2.- Quen exerza ou realice actividades que poidan producir molestias e/ou perigosidade por ruídos ou vibracións, estarán obrigados a adoptar as medidas de insonorizacións das súas fontes sonoras e de illamento acústico para cumprir cada unha das prescricións establecidas na presente Ordenanza.

2.3.- As actividades que produzan unha perturbación por ruídos ou vibracións deberán someterse ó procedemento de avaliación de incidencia ambiental regulado pola normativa autonómica.

2.4.- Para os efectos do disposto no parágrafo anterior, en tódolos proxectos de obras e instalacións industriais, comerciais ou de servizos que poidan provocar ruídos ou vibracións, achegarase un estudo xustificativo do cumprimento das medidas establecidas nesta Ordenanza e na normativa autonómica en materia de protección contra a contaminación acústica.

O citado estudo axustarase ó disposto polo Decreto 150/1999, do 7 de maio, polo que se aproba o Regulamento de protección contra a contaminación acústica.

###### **Artigo 3**

Corresponderá á Alcaldía e, no seu caso, á Comisión Municipal de Goberno ou ó Concello Pleno esixir, de oficio ou a instancia de parte, a adopción das medidas correctoras necesarias, sinalar limitacións, ordenar cantas inspeccións sexan precisas, ordenar a instalación de instrumentos permanentes de control de son, nas actividades suxeitas a esta Ordenanza e aplicar as sancións correspondentes no caso de que se incumpra o ordenado.

#### Artigo 4

4.1.- As normas da presente Ordenanza son de obrigatorio e directo cumprimento, sen necesidade dun acto previo ou requirimento de suxección individual, para toda actividade que estea en funcionamento, exercicio ou uso que comporte a produción de ruídos e/ou vibracións molestos ou perigosos.

4.2.- Serán normas complementarias desta Ordenanza:

1.- A Lei 7/1997, do 11 de agosto, da Xunta de Galicia, de protección contra a contaminación acústica.

2.- O Decreto 150/1999, do 7 de maio, da Xunta de Galicia, polo que se aproba o Regulamento de protección contra a contaminación acústica.

3.- A NBE-CA-88.

4.- O Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vilagarcía de Arousa

5.- Calquera outra norma de ámbito estatal ou autonómico que incida no obxecto desta Ordenanza.

4.3.- As expresadas normas serán orixinariamente esixibles a través dos correspondentes sistemas de licencias ou autorizacións municipais para toda clase de construcións, obras na vía pública, ou instalacións industriais, comerciais e de servizos, así como para a súa ampliación, reforma e demolición, que se proxecten, executen ou realicen a partir da vixencia desta Ordenanza.

#### Artigo 5

5.1.- Non se outorgará licencia de apertura das instalacións, das actividades ou dos establecementos sometidos ó disposto na presente Ordenanza se os proxectos presentados polos interesados non se axustan ó disposto nela.

5.2.- Non se poderá iniciar a actividade ou poñer en funcionamento as instalacións en tanto non estea comprobado, polos órganos inspectores ou mediante certificación expedida por empresas ou entidades homologadas, que se cumpre a normativa sobre contaminación acústica.

5.3.- Nas licencias de apertura e nas declaracións de incidencia ambiental sinalaranse as medidas correctoras e os controles que deberán cumprilas actividades e instalacións, indicándose expresamente que o cumprimento destas pode dar lugar á revogación daquelas licencias ou autorizacións.

5.4.- Unha vez iniciada a actividade, ou postas en funcionamento as instalacións, tamén poderán realizarse inspeccións para comprobar que as actividades e instalacións cumpren a normativa. Como consecuencia destas, poderán incoarse os correspondentes procedementos sancionadores ou ben acordar medidas correctoras ou de control.

As comprobacións ás que se refire esta Ordenanza, rexeranse así mesmo polo disposto na lexislación ambiental de Galicia.

5.5.- Tódalas obras, instalacións ou actividades que de conformidade co disposto na normativa estatal básica sobre a materia e na Lei de Protección Ambiental de Galicia, estean sometidas a un procedemento de avaliación de impacto ambiental ou de avaliación de efectos ambientais, deberán conter un estudo acreditativo do seu impacto acústico. Na declaración que se dicte, que terá carácter vinculante, deberán impoñerse as medidas correctoras precisas.

## TÍTULO II

### NIVEIS DE PERTURBACIÓNS POR RUÍDOS E VIBRACIÓNS

#### Artigo 6

6.1.- A intervención municipal tenderá a conseguir, respecto ás perturbacións por ruídos e vibracións, que non excedan dos límites que se indican e ós que se fai referencia neste título.

6.2.- As comprobacións dos niveis de ruído deberán realizarse por funcionarios municipais competentes. Esas comprobacións realizaranse sen determinación horaria, preferentemente ás horas nas que a incidencia do ruído no receptor sexa maior.

#### Artigo 7

7.1.- Os ruídos mediranse mediante sonómetros, instrumentos deseñados e construídos para responder ó son de forma similar a como reacciona o oído humano, podendo obterse medidas obxectivas reproducibles do nivel de presión sonora.

7.2.- O grao de precisión dos sonómetros utilizados para a medición do nivel acústico, do illamento acústico e do nivel de vibracións será do tipo 1. Os devanditos sonómetros deben ser integradores e analizadores con posibilidade de obtención de datos estatísticos e de rexistro. No caso de que o ruído ambiental conteña impulsos, farase necesario utilizar instrumentación que cumpra a norma IEC-804, UNE-EN 60804.

Para os efectos da clasificación da precisión dos sonómetros será aplicable o establecido nas normas IEC-651-79 e UNE 60.651. O micrófono utilizado será de campo libre e estará orientado naquela dirección na que a resposta en frecuencia sexa máis uniforme.

Para asegura-la fiabilidade da medición, tódalas que se realicen no exterior requirirán o uso de pantallas protectoras antivento.

7.3.- Ó inicio e ó final de cada medición acústica efectuarase unha comprobación do sonómetro, utilizando para isto un calibrador sonoro apropiado. Esta circunstancia recollerase no informe de medición, así como a contrastación, alomenos anualmente, cun laboratorio oficial ou privado debidamente autorizado.

7.4.- A determinación do nivel de ruído realizarase e expresarase en decibelios, corrixidos conforme á rede de ponderación normalizada mediante a curva de referencia tipo (A), definida na norma UNE-EN 60651.

7.5.- As vibracións son unha causa de contaminación acústica producida polo inadecuado funcionamento de máquinas ou instalacións.

As vibracións mediranse con acelerómetros, ós que se lles conectará un sonómetro que realizará as funcións de análise e valoración.

A determinación do nivel de vibración realizarase de acordo co establecido na norma ISO-2631-2, apartado 4.2.3.

A magnitude determinante da vibración será a súa aceleración expresada como valor eficaz (rms) en  $m/s^2$  e corrixida mediante a aplicación das ponderacións de acordo co establecido na norma ISO-2631-1, apartado 3.5.

Para cuantificar a intensidade da vibración utilizarase calquera dos procedementos que se indican nos apartados seguintes:

a) Determinación por lectura directa da curva que corresponde á vibración considerada.

b) Medición do espectro da vibración considerada en bandas de tercio de oitava (entre 1 e 80 Hz) e determinación posterior da curva base mínima que contén este espectro.

Para o caso de variación dos resultados obtidos por un ou outro sistema considerárase o valor máis elevado.

7.6.- A medición do illamento acústico, esixido ás distintas particións e solucións constructivas que compoñen os diversos recintos das edificacións, realizarase seguindo as prescricións establecidas na norma UNE 74-040.

7.7.- Os equipos de medida e as técnicas de medición dos niveis de ruído, de vibracións e illamento acústico axustaranse ó previsto no apartado 5 do Anexo do Decreto 150/1999, do 7 de maio, polo que se aproba o Regulamento de protección contra a contaminación acústica.

#### Artigo 8

8.1.- No medio ambiente exterior, con excepción dos procedentes do tráfico, que se regulan no Título IV, non se poderá producir ningún ruído que sobrepase os niveis de recepción que se indican a continuación.

Así mesmo, os valores de recepción de ruídos no ambiente interior non poderán sobrepasa-los límites que tamén se indican a continuación.

ZONAS	HORAS	dB(A) EXTERIOR	dB(A) INTERIOR
Alta sensibilidade	de 8 a 22	60	30
	de 22 a 8	50	25
Moderada sensibilidade	de 8 a 22	65	35
	de 22 a 8	55	30
Baixa sensibilidade	de 8 a 22	70	40
	de 22 a 8	60	35
Uso industrial e zona de servidume	de 8 a 22	75	40
	de 22 a 8	65	35

Defínense as seguintes zonas de sensibilidade acústica:

a) Alta sensibilidade: Comprende tódolos sectores do territorio que admiten unha protección alta contra o ruído, como áreas sanitarias, docentes, culturais ou espazos protexidos.

b) Moderada sensibilidade: Comprende tódolos sectores do territorio que admiten unha percepción do nivel sonoro medio, como vivendas, oficinas, hoteis ou zonas de especial protección como centros históricos.

c) Baixa sensibilidade: Comprende tódolos sectores do territorio que admiten unha percepción do nivel sonoro elevado como restaurantes, bares, locais ou centros comerciais.

d) Uso industrial e zona de servidume: Comprende os sectores do territorio afectados por servidumes sonoras en favor de sistemas xerais de infraestruturas viarias, ferroviarias ou outros equipos públicos que as reclamen, así como as zonas industriais.

As diferentes zonas de sensibilidade acústica virán definidas polos usos contemplados nas ordenanzas urbanísticas, debendo cumprirse, en todo caso, os valores de recepción de ruídos correspondentes ó uso característico dentro dos principais autorizados.

8.2.- Naquelas áreas do territorio municipal nas que por razón da zonificación establecida nas normas urbanísticas municipais, colinden dúas zonas de sensibilidade acústica con distintos niveis de recepción, establécese unha franxa de 25 metros, medidos perpendicularmente á devandita área, na que os valores de recepción permitidos na zona de maior sensibilidade acústica se verán incrementados en 5 dB(A), tanto no ambiente interior como no exterior.

8.3.- En tódalas zonas a transmisión fónica a patios de luces e espazos semellantes reducirase en 5 dB(A).

8.4.- Por razón da organización de actos con especial proxección oficial, cultural, relixiosa ou de natureza análoga, o Concello poderá adoptar as medidas necesarias para reducir con carácter temporal, en determinadas vías ou sectores do casco urbano os niveis sinalados nos parágrafos precedentes.

Nos días festivos non se sobrepasaran os niveis de ruídos indicados por cada zona en horas nocturnas, agás para aquelas industrias e zonas comerciais que, en virtude da súa propia actividade así o solicite e lle sexa concedida polo Concello.

8.5.- Cando se mida o nivel de ruído constante nun lugar representativo e en ausencia doutros ruídos parásitos, os valores obtidos serán susceptibles de corrección en base ás características do ruído, da forma seguinte:

a) Se se presenta unha nota distinguible definida (asubíos, seseos, z Unidos, etc.), engadir 3 dB(A).

b) Se hai irregularidades significativas impulsivas (golpes metálicos, golpes, etc.), engadir 3 dB(A).

c) Se o ruído é intermitente, aplicarase unha corrección posterior, dependendo do tempo que dura, expresado como unha porcentaxe do período que se considere.

Os niveis de ruído corrixidos son, polo tanto, a suma dos niveis medios e as correccións mencionadas.

Se os niveis de ruído corrixidos, medidos no lugar da emisión, sobrepasan en 5 dB(A) o criterio corrixido adoptado para a zona, débese considerar que o medio ambiente se atopa perturbado.

8.6.- Consideraranse zonas saturadas aquelas que alcanzaron os máximos niveis de ruído no exterior fixados para elas, debido a que a actividade desenvolvida provoque a concentración de fontes sonoras ou a afluencia de público. Nestas zonas o Concello poderá denega-la licenza municipal de apertura de establecementos para aqueles locais nos que se vaia a instalar unha actividade, na que o exercicio da mesma provoque unha adición ós niveis de ruído xa existentes. Asimesmo, o Concello poderá denega-la autorización para a transmisión de licencias en vigor, cando a concentración de fontes sonoras a que se fai mención no presente apartado está a supoñer unha reiterada vulneración dos límites máximos de ruído contemplados nesta ordenanza.

8.7.- Coa finalidade de evita-las molestias por ruídos que poida xera-la presenza de clientes dun establecemento na vía pública, queda prohibido o consumo de bebidas na mesma, agás nas terrazas autorizadas polo Concello. Tódalas actividades comprendidas nesta ordenanza, e especialmente as de ocio nocturno, deberán adoptar durante o seu funcionamento as medidas oportunas para evitar que o público efectúe as súas consumicións na vía pública. Nas galerías non se ocupará o corredor, estes permanecerán libres e serán insonorizados co mesmo nivel esixible ó local de maior nivel sonoro existente.

8.8.- Tódalas actividades susceptibles de producir molestias por ruído deberán exercerse coas portas e fiestras pechadas. Os locais onde se exerzan estas actividades deberán estar provistos dun sistema que evite a transmisión de ruídos ó exterior cando se produza a apertura e peche de portas co gallo da entrada e saída nos mesmos, tales como dobre porta, etc.

8.9.- Asemade, co obxectivo de evita-las perturbacións ruidosas que poida xera-lo exercicio de determinadas actividades, o Concello poderá denega-la licenza municipal de apertura de establecementos, así como a transmisión das licencias actualmente en vigor, para aqueles locais nos que se vaian a instalar ou estean instaladas actividades do ramo da hostalería como bares, cafeterías, cafeterías especiais, pubs, discotecas, boleiras, tabernas, cafés-teatro, cafés-concerto, cafés-cantantes, "tablaos flamenco", etc., sempre que estes locais non reúnan as seguintes condicións:

- Superficie mínima: A superficie mínima dos establecementos, medida en planta baixa (incluídos servizos e aseos), sen computar entreplanta, se a houbese, será de:

Grupo I (café-bar, cafetería, restaurante, mesón, grellada, taberna, adega): 60 m<sup>2</sup>.  
 Grupo II (cafeterías e bares de categoría especial, pubs): 80 m<sup>2</sup>.  
 Grupo III (café cantante, café concerto, karaoke, boleiras): 150 m<sup>2</sup>.  
 Grupo IV (discoteca, sala de baile, sala de festas, "tablaos flamenco", music-hall): 200 m<sup>2</sup>.

Asemade, prohíbese a instalación e funcionamento dos establecementos anteriormente sinalados (agás restaurantes, mesóns e grelladas) en inmobles destinados a vivendas cando a súa superficie total (incluídos servizos e aseos), sexa superior a 300 m<sup>2</sup>. Neste caso, só poderá concederse licenza para o exercicio destas actividades cando aquelas se proxecten realizar en edificacións illadas e acondicionadas para tal fin, ausentes de veciños, e sempre que non dea lugar a cambio de destino de uso en relación co recollido no proxecto, conforme ó que se concedeu licenza de obra nova.

## Artigo 9

No ambiente exterior dos recintos prohíbese:

a) A produción e transmisión de ruídos que sobrepasen os límites que se sinalan no Título III.

b) A transmisión ó exterior de ruídos que rebasen os establecidos no artigo precedente.

#### Artigo 10

10.1.- Prohíbese a transmisión de vibracións superiores ós límites de percepción da vibración. En calquera caso, os valores máximos tolerables de vibracións serán os seguintes:

- Na zona de máxima proximidade ó elemento xerador de vibracións, 30 pals.
- No límite do recinto no que estea colocado o xerador de vibracións, 17 pals.
- Fóra daqueles locais e na vía pública, 5 pals.

(Valor 1 Pals =  $10 \log.$ , 3200 A2 N3), sendo "A" a amplitude en centímetros e "N" a frecuencia en Hertzios.

10.2.- Os valores de recepción de vibracións no ambiente interior, son os que se recollen no parágrafo 4) do artigo 8 do Anexo á Lei de Protección contra a contaminación acústica (Lei 7/97, de 11 de Agosto).

### TÍTULO III

#### **CONSTRUCCIÓNS, OBRAS NA VÍA PÚBLICA, ESTABLECEMENTOS INDUSTRIAIS, COMERCIAIS E DE SERVICIOS.**

#### Artigo 11

11.1.- As condicións acústicas esixibles ós diversos elementos constructivos que compoñen a edificación serán as determinadas no Capítulo III da Norma Básica de Edificación sobre condicións acústicas (NBE-CA-88).

11.2.- Exclúense do apartado anterior os forxados constitutivos do primeiro andar da edificación, cando este andar sexa de uso residencial e na planta baixa poidan localizarse, conforme ó planeamento municipal, usos susceptibles de produciren molestias por ruídos ou vibracións. Nestes casos, o illamento acústico bruto a ruído aéreo esixible será de, polo menos, 55 dB(A), xustificándose o dimensionamento do forxado no proxecto constructivo.

#### Artigo 12

A efectos dos límites fixados no art. 8 sobre protección do ambiente exterior, teranse en conta as seguintes prescricións:

12.1.- En tódalas edificacións, a solución constructiva dos cerramentos exteriores (dotados ou non de illamento acústico), proporcionarán unha atenuación global mínima para os ruídos aéreos de 33 dB(A), no intervalo de frecuencias comprendidas entre 100 e 3.150 Hz., a excepción da cuberta que deberá ser de 45 dB(A).



12.2.- Os elementos constructivos e de insonorización e os recintos nos que se aloxen actividades e instalacións, industriais, comerciais e de servizos, deberán posuír capacidade suficiente para a atenuación acústica do exceso de intensidade sonora que se orixine no interior dos mesmos, e incluso, se fora necesario disporá de sistemas de aireación inducida ou forzada que permitan o peche dos ocos ou ventás existentes ou proxectados. En calquera caso, as discotecas, salas de festa ou baile e cafeterías, bares, restaurantes, etc., que dispoñan de equipo de música ambiental ou aparatos de música de utilización pública, deberán dotarse dun sistema eficaz de insonorización en paramentos e teitos.

12.3.- Os aparatos elevadores, as instalacións de acondicionamento de aire e torres de refrixeración, a distribución, depuradora de augas, a transformación de enerxía eléctrica, instalacións de calefacción e demais servizos dos edificios, instalaranse coas precaucións de localización e illamento que garantan un nivel de transmisión sonoro non superior ós límites fixados na presente Ordenanza. (artigo 8º e artigo 13-4ª).

12.4.- O illamento mínimo ó ruído aéreo R esixible ós elementos constructivos horizontais e verticais que conforman os locais onde se aloxan os equipos comunitarios, fíxase en 55 dBA.

12.5.- Nas obras e traballos de construción, modificación, reparación ou derruba de edificios, así como nos que se realicen na vía pública, adoptaranse as medidas oportunas para evitar que os ruídos emitidos excedan dos niveis acústicos fixados no artigo 8º.

12.6.- O Concello poderá escusa-la precedente prescrición nas obras de declarada urxencia e naquelas outras que a demora na súa realización puidera comportar perigo de fundimento, corremento, inundación, explosión ou riscos de natureza análoga. Nestes casos, atendidas as circunstancias concorrentes, poderá autoriza-lo emprego de maquinaria e a realización de operacións que conleven unha emisión de nivel sonoro superior ó permitido na zona da que se trate, condicionando o sistema de uso ó horario de traballo e á necesaria protección persoal dos operarios.

### Artigo 13

Con relación ós límites fixados sobre protección do ambiente interior dos recintos, observaranse as seguintes normas:

1ª.- En tódalas edificacións, os cerramentos exteriores axustaranse ó disposto na prescrición primeira do artigo anterior, non obstante, nos casos en que a edificación se vaia a realizar nun sector afectado por ruídos tales como os procedentes de trens, estacións de autobuses ou similares, o illamento acústico esixido poderá aumentar se se considera imprescindible, para atenua-los efectos de importantes agresións acústicas, chegando en casos extremos a prohibirse determinados usos do solo.

2ª.- En vivendas adxacentes, a solución constructiva dos tabiques, muros de separación e forxados (estean dotados ou non de illamento acústico) proporcionarán unha atenuación global mínima para os ruídos aéreos e de impacto de 45 dBA. O citado límite aumentárase en 10 dB para o illamento acústico que deber proporcionar-lo forxado de separación dos locais comerciais das vivendas máis próximas.

O nivel de ruído de impacto normalizado LN no espacio subxacente ás vivendas non será superior a 80 dBA.



3ª.- Nos inmobles nos que coexistan vivendas e outros usos autorizados polas Ordenanzas Municipais, non se permitirá a instalación, funcionamento ou uso de ningunha máquina, equipo musical, aparato ou manipulación que o seu nivel de emisión sonora exceda de 75 dBA.

4ª.- Prohíbese a emisión fónica nos establecementos localizados en edificios de vivendas cando o nivel sonoro transmitido a aquelas exceda de 30 dBA. durante a noite (de 22 a 8 horas), e 35 dBA. durante o día (de 8 a 22 horas). Os niveis sonoros citados para o día reduciranse en 10 dBA., e en 5 dBA para a noite, nos supostos de que a transmisión sexa recibida por establecementos sanitarios e de repouso, bibliotecas, museos e salas de concertos.

5ª.- Nos edificios de vivendas non se permitirá o funcionamento de máquinas, aparatos ou manipulacións domésticas que o seu nivel de emisión sonoro exceda de 70 dBA., dende as 8 a 22 horas e de 60 dBA. nas restantes e, debendo cumprirse, en todo caso, os límites fixados no artigo 8.

6ª.- Os aparatos elevadores e demais elementos que se mencionan na prescrición terceira do artigo anterior serán instalados coas precaucións de localización e illamento que garantan un nivel de transmisión sonora non superior a 30 dBA. cara ó interior da edificación.

7ª.- As máquinas, aparatos ou manipulacións xeradores de ruídos de nivel superior a 90 dBA., que puidera instalarse ou realizarse en edificios fabrís, situaranse en locais illados dos restantes lugares de permanencia de persoal, de forma que neles non se sobrepase o límite de 90 dBA. Os operarios encargados do manexo destes elementos, deberán estar provistos de medios de protección persoal que garantan a súa seguridade e saúde.

#### Artigo 14

Para correxi-la transmisión de vibracións deberán terse en conta as seguintes regras:

1ª.- Todo elemento con órganos móbiles manterase en perfecto estado de conservación, principalmente no que se refire ó seu equilibrio dinámico e estático, así como a suavidade de marcha dos seus coxinetes ou camiños de rodadura.

2ª.- Non se permite a ancoraxe de maquinaria e dos soportes da mesma ou calquera órgano móbil nas paredes medianeiras, teitos ou forxados de separación entre locais de calquera clase ou actividade, así como nos elementos da estrutura da edificación.

3ª.- A ancoraxe de toda maquinaria e órgano móbil en solos ou estruturas non medianeiras nin directamente conectadas cos elementos constructivos da edificación, disporase en todo caso interpoñendo dispositivos antivibratorios axeitados e se fose necesario de fundicións ou bases especiais.

4ª.- As máquinas de arranque violento, as que traballen por golpes ou choques bruscos e as dotadas de órganos con movemento alternativo, deberán estar ancoradas en bancadas independentes, sobre solo firme e illadas igualmente da estrutura da edificación e do solo do local por medio de materiais ou dispositivos absorbentes da vibración.

5ª.- Tódalas máquinas se situarán de forma que a súas partes máis saíntes ó final da carreira de desprazamento queden á distancia mínima de 0,70 metros dos muros perimetrais e forxados, debendo elevarse a un metro de distancia cando se trate de elementos medianeiros.

6ª.- Os conductos polos que circulen fluídos líquidos ou gasosos en forma forxada, conectados directamente con máquinas que teñan órgano en movemento, disporán de dispositivos de separación que impidan a transmisión das vibracións xeradas nestas máquinas. As bridas e soportes dos conductores terán elementos antivibratorios. As aberturas dos muros para o paso das conduccións reencheranse con materiais absorbentes da vibración.

7ª.- Nos circuitos de auga coidarase de que non se presente o "golpe de ariete" e as seccións e disposición das válvulas e billame deberán de ser tales que o fluído circule por elas en réxime normal para os gastos nominais, debendo introducirse nas instalacións, se fose necesario, dispositivos especiais para evitar ruídos e vibracións da tubaxe. En todo caso, estas instalacións executaranse de conformidade co disposto no Regulamento do Servizo Municipal de subministro de auga potable de Vilagarcía de Arousa. As baixantes dos edificios prolongaranse ata a cuberta dotándoas da ventilación correspondente ó obxecto de evita-los ruídos producidos polo denominado efecto pistón hidráulico.

#### Artigo 15

A valoración dos niveis de sonoridade que establece a Ordenanza temperarase ás seguintes normas:

1ª.- A medición levarase a cabo, tanto para os ruídos emitidos coma para os transmitidos, no lugar no que o seu valor sexa máis alto e, se fora preciso no lugar máis axeitado ( ou, no momento e situación no que as molestias sexan máis acusadas).

2ª.- Os donos, posuidores ou encargados dos xeradores de ruídos facilitarán ós funcionarios municipais habilitados para funcións de inspección o acceso ás súas instalacións ou focos xeradores de ruídos, disporán o seu funcionamento ás distintas velocidades, cargas ou marchas que lles indiquen os devanditos funcionarios. Así mesmo, poderán presencia-lo proceso operativo e asesorarse cos técnicos que consideren procedentes. Estes funcionarios, no exercicio das funcións contempladas pola presente Ordenanza, gozarán da condición de Axente da Autoridade.

#### Artigo 16.-

16.1.- Nos proxectos de construción de inmobles incluírase un estudio xustificativo de que a protección acústica e antivibratoria subministrada polos muros, tabiques e forxados é suficiente para acomodarse ás prescricións desta Ordenanza. O cálculo realizarase tendo en conta o uso ó que se destina o edificio, a súa localización, os materiais empregados, as súas características xeométricas e físicas e a súa disposición.

16.2.- Analogamente, nos proxectos de instalacións industriais, comerciais e de servizos afectados por esta Ordenanza, acompañarase un estudio xustificativo das medidas correctoras de ruídos e vibracións, coas hipóteses de cálculo adoptadas, debendo evidenciarse nos mesmos o cumprimento da presente ordenanza.

#### Artigo 17

Para o mellor control dos límites sonoros establecidos nesta Ordenanza, a Administración Municipal poderá ordena-la colocación de aparatos de medida, rexistro e control permanente dos niveis de ruído, capaces de actuar sobre os equipos reprodutores de son para evitar que se superen os límites establecidos. Os gastos que se ocasionen pola

realización destas operacións, incluído o prezo do aparato que se instale, correrán a cargo dos titulares da actividade.

#### Artigo 18

18.1.- A partir da presentación do correspondente certificado de fin de obra, o Concello comprobará o cumprimento das prescricións establecidas no presente título. Tal cumprimento poderá acreditarse mediante certificación expedida por empresas ou entidades homologadas.

18.2.- Sen o informe favorable do cumprimento dos requisitos acústicos esixidos non se concederá a licenza de primeira ocupación ou funcionamento da actividade.

### TÍTULO IV

#### Vehículos a motor

#### Artigo 19

Todo vehículo de tracción mecánica deberá ter en boas condicións de funcionamento o motor, a transmisión, carrocerías e demais órganos do mesmo capaces de producir ruídos e vibracións, e, especialmente, o dispositivo silenciador dos gases de escape, co fin de que o nivel sonoro emitido polo vehículo ó circular ou co motor en marcha, non exceda dos límites que establece a presente Ordenanza.

#### Artigo 20

Prohíbese a circulación de vehículos a motor co chamado escape libre ou con silenciadores non eficaces, incompletos, inadecuados, deteriorados ou con tubos resoadores.

Igualmente prohíbese a circulación desta clase de vehículos cando por exceso de carga produzan ruídos superiores ós fixados por esta Ordenanza.

#### Artigo 21

Queda prohibido o uso de bucinas ou calquera outro sinal acústico, dentro do casco urbano, agás nos casos inminentes de perigo de atropelo ou colisión, ou que se trate de servicios públicos de urxencia (policía, servicio contra incendios e asistencia sanitaria), ou de servicios privados para o auxilio urxente de persoas ou defensa perentoria de bens.

#### Artigo 22

22.1.- A carga, descarga e transporte de materiais de camións deberá facerse de maneira que o ruído producido non resulte molesto.

22.2.- O persoal dos vehículos de reparto deberá cargar e descarga-las mercancías sen producir impactos directos sobre o solo do vehículo ou do pavimento, e evitará o ruído producido polo desprazamento ou trepidación da carga durante o percorrido.

#### Artigo 23

23.1.- Os límites superiores admisibles para os ruídos emitidos polos distintos vehículos a motor serán de acordo co establecido no artigo 6.2 e 3 do Decreto 1439/72, do 25 de maio, para ciclomotores e vehículos automóbiles de cilindrada non superior a 50 cm<sup>3</sup>:

- De dúas rodas ..... 80 dBA.
- De tres rodas ..... 82 dBA.

23.2.- Para o resto dos vehículos automóbiles, con cilindrada superior a 50 cm<sup>3</sup> os límites serán os establecidos no anexo 4 do Regulamento número 9 sobre prescricións uniformes relativas á homologación do vehículo no que se refire a ruído, publicado no "Boletín Oficial do Estado" de 23 de novembro de 1974.

23.3.- Nos casos nos que se afecte notoriamente á tranquilidade da poboación, poderanse sinalar zonas ou vías nas que algunha clase de vehículos a motor non poida circular a determinadas horas da noite.

23.4.- Prohíbese producir ruídos innecesarios debidos a un mal uso ou conducción violenta do vehículo, aínda que estean dentro dos límites máximos admisibles.

#### Artigo 24

Para o recoñecemento dos vehículos a motor atenderase ás normas seguintes:

- a) Para os ciclomotores o método de medida do ruído será o mesmo que se establece no apartado seguinte, se ben a velocidade de paso ante o sonómetro será de 30 Km./hora.
- b) Para o resto dos vehículos automóbiles, o método de medida do ruído será o establecido no anexo 3 do citado Regulamento número 9.

## TÍTULO V

### Actividades varias

#### Artigo 25

25.1.- Con carácter xeral prohíbese o emprego de todo dispositivo sonoro co fin de propaganda, reclamo, aviso, distracción e análogos, que excedan dos niveis sinalados nesta Ordenanza para as distintas zonas.

25.2.- Esta prohibición non rexerá nos casos de alarma, urxencia, tradicional consenso da poboación e publicidade política en períodos electorais e horario diúrno, e poderá ser dispensada na totalidade ou parte do concello por razóns de interese nacional ou de especial significación cidadá.

#### Artigo 26

26.1.- Os receptores de radio e televisión e en xeral tódolos aparatos reproductores de son, instalaranse e regularanse de maneira que o nivel sonoro transmitido ás vivendas ou locais lindantes non exceda dos niveis fixados no Título II. A mesma norma será de aplicación ós instrumentos musicais.

26.2.- Dende as 22 ata as 8 horas, prohíbese a utilización de calquera tipo de aparello doméstico, como é o caso de lavalouzas, lavadoras, licuadoras, aspiradoras e outros, cando sobrepasen os niveis acústicos establecidos no Título II.

26.3.- A posesión de animais domésticos obriga á adopción das precaucións necesarias para evitar molestias á veciñanza.

#### Artigo 27

27.1.- Nos traballos realizados tanto na vía pública como na edificación non se autorizará o emprego de maquinaria que teña un nivel de emisión externo (NEE) superior a 90 dB(A), medido na forma que se sinala no Decreto 150/1999, de 7 de maio, polo que se aproba o Regulamento de protección contra a contaminación acústica.

27.2.- Os traballos realizados tanto na vía pública como na edificación non poderán realizarse entre as 22 horas e as 8 horas do día seguinte, se producen niveis sonoros superiores ós fixados no Título II desta Ordenanza.

27.3.- Exceptúanse da prohibición anterior as obras urxentes, as que se realicen por razóns de necesidade ou perigo e aquelas que polos seus inconvenientes non poidan levarse a cabo durante o día. O traballo nocturno deberá ser expresamente autorizado polo concello, que determinará os límites sonoros que deberá cumprir en función das circunstancias que concorran en cada caso, sen prexuízo do establecido na lexislación laboral.

#### Artigo 28

Cando o anormal funcionamento dun sistema de alarma lle produza molestias á veciñanza e non sexa posible localiza-lo responsable ou titular da devandita instalación, a Policía Municipal, en cumprimento do disposto nesta Ordenanza, desmontará e retirará o sistema de alarma polos seus propios medios ou requirindo a colaboración dos servicios correspondentes.

#### Artigo 29

Calquera outra actividade ou comportamento singular ou colectivo non comprendido nos artigos precedentes, que conleve unha perturbación por ruídos e vibracións para a veciñanza, que sexa evitable coa observancia dunha conducta cívica normal, entenderase incurso no réxime sancionador desta Ordenanza.

## TÍTULO VI

### Réxime xurídico

#### Artigo 30

O persoal dos Servicios Técnicos Municipais e os Axentes da Policía Municipal, no que respecta á súa competencia, poderá realizar en todo momento cantas inspeccións estimen pertinentes para asegura-lo cumprimento da presente Ordenanza, debendo cursar obrigatoriamente as denuncias que resulten procedentes.

#### Artigo 31

Cando un vehículo circule cun silenciador ineficaz, a Policía Municipal procederá cautelarmente á súa inmovilización, sempre que o conductor do vehículo non sexa o seu titular ou, séndoo non presentara a documentación do vehículo e a súa identificación persoal. Unha vez presentado o titular do vehículo acreditando debidamente a súa personalidade e aportando a documentación do mesmo, a Policía Municipal formulará a correspondente denuncia contra o propietario do vehículo, na que se expresará a obriga de presenta-lo mesmo a recoñecemento unha vez solucionadas as deficiencias que deron lugar á súa inmovilización. De non presentarse o vehículo a recoñecemento no prazo de 15 días naturais seguintes á notificación da denuncia, presumirase a conformidade do titular cos feitos denunciados.

#### Artigo 32

Toda persoa natural ou xurídica poderá denunciar ante o Alcalde o anormal funcionamento de calquera actividade, instalación ou vehículo comprendido na presente Ordenanza. De resultar temerariamente inxustificada a denuncia, serán de cargo do denunciante os custos que orixine a inspección. En caso de comprobada mala fe imporase a sanción correspondente.

#### Artigo 33

A denuncia, que deberá estar datada e asinada polo denunciante, conterá os datos seguintes:

a) Cando se trate de denuncias referentes a ruídos producidos por vehículos a motor, tanto sexan aquelas de carácter voluntario como obrigatorio, consignarase nas mesmas, ademais do número de matrícula e tipo de vehículo co que se cometera a suposta infracción, o nome e apelidos, número de DNI e enderezo do denunciado se foran coñecidos, así como unha relación circunstanciada do feito, con expresión do lugar, data e hora na que foi apreciada, sinalándose a continuación no caso de denuncia voluntaria, o nome e apelidos, número de DNI e enderezo do denunciante e das testemuñas que puideran asegura-los feitos.

b) Nos demais casos, indícarase o nome, apelidos, número de DNI e enderezo do denunciante, emprazamento, clase e titular da actividade denunciada, sucinta relación das molestias orixinadas e súplica concretando a petición que se formule.

c) A denuncia presentarase no Rexistro Xeral do Concello ou naqueles lugares ós que se refire o artigo 38 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

#### Artigo 34

Recibida a denuncia seguirase o expediente coa práctica das inspeccións e comprobacións que se especifican nos artigos precedentes, e coa adopción, no seu caso, das medidas cautelares necesarias, ata a resolución final do expediente, que será notificada en forma ós interesados.

#### Artigo 35

En caso de recoñecida urxencia, cando a intensidade dos ruídos e vibracións resulte altamente perturbadora ou cando os mesmos sobreveñan ocasionalmente, ben polo uso abusivo das instalacións ou aparatos, ben por deterioro ou deficiente funcionamento destes, ou por calquera outro motivo que altere gravemente a tranquilidade ou seguridade da veciñanza, a denuncia poderá formularse directamente ante o servizo de garda da Policía Municipal, presentándose ante o mesmo ou comunicando os feitos telefónicamente.

Este servizo xirará visita de inspección inmediatamente, adoptará as medidas de emerxencia que o caso requira e enviará as actuacións ó servizo correspondente, se procedera, para iniciación ou prosecución do expediente.

### Artigo 36

36.1.- As visitas de inspección realizaranse tendo en conta as características do ruído e das vibracións, e para tal fin, as medicións relativas a ruído obxectivo realizaranse logo de citación ó responsable do foco ruidoso, e as medicións relativas a ruído subxectivo poderán practicarse sen o coñecemento do titular, sen prexuízo de que neste caso poida ofrecérselle ó responsable do foco ruidoso unha nova medición na súa presenza para o seu coñecemento. En todo caso, concluídas as medicións, entregaráselles ós interesados unha copia do resultado das mesmas. As actas emitidas polos órganos competentes gozarán de presunción de veracidade, en canto ós feitos contidos nelas, e constitúen proba suficiente para os efectos do correspondente procedemento sancionador. Tal presunción esténdese ás medicións realizadas con instrumentos que reúnan os requisitos regulamentariamente establecidos. Nestas medicións, tanto a autoridade competente coma o responsable sobre o que recaia a inspección, poderán solicita-la asistencia de empresas ou entidades debidamente homologadas, de acordo co que se dispón no Decreto 150/1999, do 7 de maio, polo que se aproba o Regulamento de protección contra a contaminación acústica.

36.2.- Para efectua-las medicións, o Concello disporá do aparato sonómetro que se describe no art. 7 da presente Ordenanza.

### Artigo 37

Consideraranse infraccións administrativas as accións e omisións que contraveñan as disposicións contidas nesta Ordenanza.

Para os efectos desta Ordenanza, clasifícanse as faltas en leves, graves e moi graves, segundo a tipificación que se realiza na mesma.

### Artigo 38

Constitúen faltas leves:

- 1.- A superación dos límites admitidos en 5 dB(A).
- 2.- A transmisión de niveis de vibración correspondentes á curva base inmediatamente superior á máxima admitida para cada situación.
- 3.- A realización das actividades non permitidas polo título V.
4. A circulación de vehículos a motor con escape libre e con silenciadores ineficaces, incompletos, inadecuados ou deteriorados.
- 5.- A non presentación dos vehículos ás inspeccións.
- 6.- Calquera outra infracción ás normas desta Ordenanza non cualificada expresamente como falta grave ou moi grave.

### Artigo 39

Constitúen faltas graves:

- 1.- A superación en máis de 5 dB(A) dos valores límite admitidos.



2.- A transmisión de niveis de vibración correspondentes máis de dúas curvas base inmediatamente superiores á máxima admitida para cada situación.

3.- A vulneración expresa dos requirimentos municipais para a corrección das deficiencias observadas.

4.- A negativa ou obstrución ó labor inspector. Considérase, en todo caso, como resistencia á actuación inspectora, impedirlles ós funcionarios competentes a entrada nos recintos e locais onde deban realizarse as inspeccións, sempre e cando a Administración actuante observase os requisitos formais establecidos nesta Ordenanza.

5.- A reincidencia en faltas leves no prazo de doce meses.

6.- A iniciación de actividades ou apertura de establecementos e instalacións susceptibles de produciren rúidos ou vibracións sen obte-la precedente autorización ou licencia.

7.- A transgresión ou incumprimento das condicións impostas na autorización ou licencia, así como a non adopción, dentro do prazo concedido, das medidas correctoras sinaladas polo Concello. Neste último suposto, os suxeitos responsables poderán evita-la imposición da sanción se proceden voluntariamente á paralización ou non iniciación da actividade.

#### Artigo 40

Constitúen faltas moi graves:

1.- A superación en máis de 15 dB(A) dos valores límite admitidos.

2.- A transmisión de niveis de vibración correspondentes a mais de dúas curvas base inmediatamente superiores á máxima admitida para cada situación.

3.- A reincidencia en faltas graves no prazo de doce meses.

4.- O incumprimento das ordes de clausura dos establecementos ou de paralización da actividade, acordados pola autoridade competente; así como a manipulación, deterioro, ruptura, etc. de precintos colocados nun establecemento.

5.- A manipulación dos aparatos de control permanente da emisión fónica á que se refire esta Ordenanza no seu art. 17, así como a manipulación, alteración, deterioro ou ruptura, etc. dos precintos colocados nos mesmos.

#### Artigo 41

41.1.- As infraccións ós preceptos desta Ordenanza sancionaranse da forma seguinte:

a) Infraccións leves, con multa desde 10.000 ata 250.000 ptas.

b) Infraccións graves, con multa de 250.001 ata 1.500.000 ptas., clausura temporal do establecemento ou paralización da actividade por espacio de tempo non superior a seis meses.

c) Infraccións moi graves, con multa de 1.500.001 ata 10.000.000 ptas., clausura do establecemento ou paralización da actividade por espacio superior a seis meses ou con carácter definitivo.

42.2.- A sanción de clausura temporal ou definitiva poderá impoñerse naquelas infraccións nas que se aprecie reiterada resistencia ó cumprimento do ordenado pola Alcaldía ou manifesta actitude do titular da instalación no sentido de dificultar, falsear ou desvirtua-lo resultado da inspección.

#### Artigo 42

42.1.- Con carácter xeral, son persoas responsables das infraccións ás normas desta Ordenanza, os causantes de perturbación ou, no seu caso, as persoas de quen dependan ou os titulares da actividade productora das molestias.

42.2.- Nas cometidas con motivo da utilización de vehículos de motor, será responsable a persoa física ou xurídica propietario dos mesmos ou, no seu caso, o conductor.

#### Artigo 43

As faltas que dean lugar a sanción tramitaranse mediante incoación do correspondente expediente sancionador, que se axustará ó disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, e no Real Decreto 1398/93, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora ou normas que o substitúan.

#### Artigo 44

Na imposición de sancións deberase garda-la debida adecuación entre a gravidade do feito constitutivo da infracción e a sanción aplicada, considerándose especialmente os seguintes criterios para a graduación da sanción a aplicar:

1.- A inexistencia de intencionalidade: A estes efectos presúmese a intencionalidade na conducta do titular cando se teña producido requirimento ou invitación previa por parte da Administración para que adopte determinadas medidas ou cese na produción das molestias. Neste aspecto, considerárase o grao de colaboración dos titulares das actividades para elimina-las molestias.

Sempre que a infracción se producise por primeira vez e a corrección dos feitos (emisión de ruído, etc.) que orixinaron a sanción se fixese nun prazo de 48 horas, a sanción imporase no seu grao mínimo. En todo caso, o prazo computarase a partir da comprobación da comisión da infracción.

2.- A existencia de reiteración nos feitos. Considerase reiteración a produción de molestias no exercicio da actividade periódica ou frecuentemente repetida no tempo, en contraposición ó carácter ocasional da infracción.

3.- A natureza dos prexuízos causados. Neste campo tomarase en consideración o carácter illado ou repetitivo da molestia producida, o seu grado de incidencia no medio ambiente sonoro, a duración e intensidade da exposición da molestia no tempo, o número de afectados, etc.

4.- A reincidencia, pola comisión no prazo de un ano de máis dunha infracción da mesma natureza cando así sexa declarado por resolución firme.

#### Artigo 45

Na resolución que poña fin ó procedemento sancionador poderá acordarse, ademais da imposición da sanción correspondente, a adopción de medidas correctoras, así como a indemnización dos danos e perdas ocasionados como consecuencia da actividade infractora. Para a execución destes actos, se o infractor non os cumprise voluntariamente no prazo que se lle sinale, poderán impoñérselle multas coercitivas sucesivas de ata 500.000 ptas. cada unha. Igualmente poderá ordenarse a execución subsidiaria nos termos previstos no art. 98 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

#### Artigo 46

O Concello poderá crear órganos de mediación para a solución dos conflitos que deriven da contaminación acústica, nos que tamén participarán os veciños.

#### Artigo 47

As infraccións ás que se refire esta Ordenanza prescribirán nos seguintes prazos, dende a comisión do feito:

- a) Infraccións leves: seis meses
- b) Infraccións graves: dous anos
- c) Infraccións moi graves: catro anos

#### Artigo 48

Con independencia das demais medidas que se adopten para garanti-la eficacia da resolución que no seu momento se dicte, con carácter cautelar o Concello poderá acorda-la inmediata adopción de medidas correctoras imprescindibles para evita-los danos ou as molestias graves que se estean ocasionando como consecuencia das actividades presuntamente infractoras. Igualmente, e co mesmo carácter cautelar, poderá acordarse a paralización da actividade ou clausura das instalacións ou dos establecementos cando a produción de ruídos ou vibracións supere os niveis establecidos para a súa tipificación como falta moi grave, ou ben cando, acordada a adopción de medidas correctoras, o requirimento municipal resultase incumplido no prazo que para o efecto se sinale. Tamén poderá acordarse o precinto de equipos, así como calquera outra medida que se considere imprescindible para evita-la persistencia na actuación infractora. Estas medidas adoptaranse logo de audiencia do interesado, por un prazo de cinco días, agás naqueles casos que esixan unha actuación inmediata.

#### Artigo 49

A aplicación das sancións establecidas nesta Ordenanza non exclúe nos casos de desobediencia ou resistencia á Autoridade Municipal ou ós seus Axentes, o feito de que se pase o tanto de culpa ós Tribunais de Xustiza.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA: Quedan derogadas cantas disposicións municipais se opoñan ou contradigan os preceptos desta Ordenanza.

DISPOSICIÓN TRANSITORIAS:

PRIMEIRA.- A presente Ordenanza será de aplicación tanto para as actividades legalmente autorizadas como para aquelas outras que estean en trámite na data de entrada en vigor da mesma.

SEGUNDA.- En tanto o Concello non dispoña dos aparatos descritos no artigo 7 desta Ordenanza, empregárase nas medicións que se leven a cabo o aparato do que se dispón na actualidade, ó que se lle concede validez nas comprobacións que se efectúen.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Vilagarcía de Arousa, 9 de outubro de 2000.

O Alcalde-Presidente

Asdo.: Joaquín Javier Gago López